

## ***OCEAN RACE CIADADE DA CORUÑA 2021-OPEN DE ESPAÑA DE SUP***

### ***Art.1.- ORGANIZACIÓN***

A organización técnica e execución correspóndelle á Federación Galega de Piragüismo, a través da súa delegación provincial na Coruña que e a Sociedade Deportiva As Xubias.

### ***Art.2.- PATROCINADOR***

O patrocinio desta proba correspóndelle o concello de A Coruña, que figurará en lugar destacado na publicidade que se realice da mesma.

### ***Art.3.- COMITÉ DE DISCIPLINA***

Realizará esta función o propio comité da Federación Galega de Piragüismo, para todo o referente á ligas segun modalidades e as súas competicións puntuables, serán os regulamentos vixentes.

### ***Art.4.- COMITÉ DE COMPETICIÓN***

Esta regata terá o seu propio Comité de Competición que se formará do xeito que establecen os regulamentos vixentes na Federación Galega de Piragüismo e que será o paso previo regulamentario para a presentación de reclamacións posteriores ao Comité de Disciplina e aos órganos superiores.

### ***Art. 5.- CLUBS QUE PODEN ASITIR***

A proba estará aberta a todos os clubs NACIONAIS E INTERNACIONAIS de piragüismo e seccións de piragüismo de entidades deportivas que estean encadradas nas federación correspondentes e que, tanto aqueles como os seus deportistas, cumpran a normativa de afiliación establecida pola Federación pertinentes pra a tempada 2020.

### ***Art. 6.- XUÍCES E ÁRBITROS***

A regata terá os seus propios árbitros e xuíces, que serán designados pola Federación Galega de Piragüismo a proposta do seu Comité Técnico de Árbitros. Ao termino de cada regata, o xuíz árbitro levantará unha acta de resultados que se lle entregará á Federación para realizar as clasificación finais e o seguimento do desenvolvemento da regata, encargándose de lles entregar unha copia aos equipos participantes .

### ***Art. 7.- PARTICIPACIÓN***

A participación será en en embarcacións individual e por parellas

### ***Art.8.- EMBARCACIÓNS***

Ao abeiro dos regulamentos específicos, as embarcacións poderán ser: SUR SKI, KAIK DE MAR TRADICIONAIS E SUB.

**Art.9.- CATEGORÍAS**

As categorías serán as seguintes:

Categorías e modalidades:

Categoría	Sprint/surfsky		OC/Va,a	Tradicional	Paleo a pe	Paracanoe K-1 e V-1
	K-1	K-2	OC-1	K-1		
Muller senior	x	x	x	x	x	x
Muller xuvenil	x	x	x		x	x
Muller cadete	x	x			x	x
Muller veterana	A	x	x	x	x	x
	B					
Home senior	x	x	x	x	x	x
Home xuvenil	x	x	x		x	x
Home cadete	x	x			x	x
Home veterano	A	x	x	x	x	x
	B					

**K-2 MIXTO: VETERANS, SENIOR, JUNIOR E CADETE**

**Art. 10.- PUNTUACIÓN**

Os padexeiros/as e/ou equipos puntuarán segundo o sistema de clasificación que se estableza no regulamento 2021 para este tipo de probas de travesías.

Segundo os puntos que logre cada equipo, clasifícase na clasificación xeral, obtendo unha determinada puntuación.

**Art.11.- PUNTUACIÓN POR CATEGORIAS**

A que estipule o regulamento da liga Galega de kaiak de mar 2021.

**Art. 12.- INSCRICIÓN**

Os clubs Galegos deberá inscribirse a través da plataforma de inscrición da Federación Galega de Piragüismo, o resto de clubs nacionais e internacionais deberán enviar as inscricións por rexistro, e-mail ou Fax, 15 días naturais antes do inicio da proba.

Cada Club poderá inscribir na regata, por modalidade e categoría, o número de embarcacións e padexeiros/as que considere, sen límites,.

Non poderá participar ningún padexeiro/a que non figure na inscrición previa.

Federación Galega de Piragüismo:

Tel: 986842106

fax: 982 260 269

[kayak-canoa@fegapi.org](mailto:kayak-canoa@fegapi.org)

**Art. 13- DIA E HORA**

A proba será o 19 de setembro do 2021. AS 11H A SAIDA JUNIOR, SENIOR E VETERAN E A 13H a saída de cadetes


**RECORRIDOS .**

**Recorrido principal:** Praia de Riazor a Praia de Oza.



**RECORRIDO ALTERNATVO SEGUN AS CONDICIONS METEREOLOXICAS.**

Praia de San Amaro -Praia de Oza




**RECORRIDO SAIDA DOS CADETES.**  
Da Praia de Oza a Santa cruz e volver



**ZONA DE APARCAMENTO NA SAIDA.**



## ZONA DE APARCAMENTO NA META.



### **Art. 14.- NIVEL DA PROBA**

A proba tera carácter nacional e internacional xa que contara coa participación de padexeiros de nacionalidade portuguesa

### **Art. 15.- DISTANCIAS**

Todas as categorías percorreran unha distancia de 10 km, menos cadetes que será de 5 km

### **Art. 16.- TEMPO DE CONTROL**

Establecerase uns tempos de control de 1 min por kilómetro. Estes tempos estableceranse desde o paso do 1º clasificado.

### **Art. 17.- LICENCIAS DE COMPETICIÓN**

Todos os padexeiros/as que tomen parte nesta proba, deberán estar en posesión da licenza de competición debidamente actualizada para a tempada 2021.  
Os clubs deberán estar ao corrente dos seus pagos coa Federación Galega de Piragüismo, conforme á circular de tramitación de licenza.

**Art. 19.- CAUSA MAIOR**

Se por causa maior, allea á vontade dun club, este non puidese tomar parte na regata, a Federación Galega, se o estimase oportuno, e tras o escrito de alegacións do club, outorgaralle o 10 % dos puntos que conseguise o club clasificado no último lugar da regata. De non quedar demostrado que a ausencia se debe a causa maior, quedará excluído de calquera premio.

**Art. 20.- MODIFICACION DE DATAS ,HORARIO OU APALZAMENTO.**

Se por calquera causa non se puidera levar a cabo o programa, a Federación Galega de Piragüismo, decidirá sobre o adiamento, a súa substitución ou a súa anulación definitiva para todos os efectos.

**Art. 22.- CAMBIO DE CLUB**

Aquel padexeiro/a que tome parte nunha regata en calquera dos niveis da presente copa ou en ligas e copas de rango superior por un club determinado, no caso de cambio de club, non poderá puntuar a nivel de equipos nas seguintes regatas polo novo club no que se integrara. Poderá participar a nivel individual e lograr premios e clasificacións individuais para todos os efectos, sempre que non llo impida o regulamento específico das regatas puntuables.

**Art. 23.- OTRAS NORMAS**

Para as normas non recollidas no presente Regulamento, serán de aplicación as establecidas no Regulamento das diferentes ligas da Federación Galega de Piragüismo, regulamentos e estatutos da Federación Galega de Piragüismo, ou no seu caso, no Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Federación Española de Piragüismo.

A participación dun club neste programa, a calquera nivel, implica a aceptación das presentes normas. A Federación Galega de Piragüismo-Delegación de Coruña e os organizadores non se fan responsables dos danos que se lles puidesen causar ou sufrir a embarcacións e demais material dos participantes, tanto no traslado ás regatas como no seu desenvolvemento. Lémbrese a obriga de levar sistemas de flotabilidade nas embarcacións e do correspondente chaleco salvavidas nas regatas de promoción e naquelas outras categorías nas que se especifique.

**Art. 24- PROTOCOLO COVID**

Todo o evento será realizado baixo a normativa Covid aprobada pola Secretaría Xeral para o deporte.

Información no anexo adxunto de Kaiak de mar.

**Art. 25- INFORMACIÓN**

Federación Galega de Piragüismo:

Telf: 986842106

fax: 986 851108

coruna@fegapi

kayak-canoa@fegapi.org

